


PLAN LOCAL SOBRE DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS

GUÍA DE RECURSOS 2008



PLDa

PLAN LOCAL SOBRE
DROGODEPENDENCIAS
E OUTRAS ADICCIÓNS

10 anos, cumprindo



Concellería
de Benestar
Social
Concello de Vigo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Subdirección Xeral de
Saúde Mental e Drogodependencias



Concellería
de Benestar
Social
Concello de Vigo



PLDa
PLAN LOCAL SOBRE
DROGODEPENDENCIAS
E OUTRAS ADICCIÓNS

10 anos, cumprindo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Subdirección Xeral de
Saúde Mental e Drogodependencias

PLAN LOCAL SOBRE DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS

GUÍA DE RECURSOS 2008

CONCELLO DE VIGO - CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

CONCELLO DE VIGO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

Praza do Rei, s/n-36202 - Vigo
tfn.: 986 810129
fax: 986 810153
ofi.bensocial@vigo.org

OFICINA TÉCNICA DO PLDA EQUIPO DE PREVENCIÓN

Rúa Ramón Nieto, 328 - 36205 - Vigo
tfn.: 986 276008
fax: 986 275556
plda@vigo.org

“CEDRO” UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS

Rúa Pintor Colmeiro, 9. 36211- Vigo
tfn.: 986 482750
fax: 986 483019
francisco.otero@vigo.org

ENTIDADES COLABORADORAS

“ALBORADA” UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS

Rúa Isaac Peral, 6 - 36201 - Vigo
tfn.: 986 224848
fax: 986 435977
alborada@alborada.org

HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES

Avda. de Galicia, 160 - Vigo
tfn.: 986 451885/ 986 452100
fax: 986 453519
pachy.martinez@gmail.com

“ASVIDAL” UNIDADE ASISTENCIAL DE ALCOHOLISMO

Rúa Escultor Gregorio Fernández, 8 baixo, 36204 VIGO
tfn.: 986 226269
fax: 986 226240
info@alcoholasvidal.com

“MADRO” MADRES EN DEFENSA DE LOS JÓVENES DROGODEPENDIENTES

Rúa Médico José Mato, 9 baixo- 36210 - Vigo
tfn.: 986 208874
fax: 986 208874
asociacionmadro@yahoo.es

CÁRITAS DIOCESANAS DE TUI-VIGO

Avda. García Barbón, 104 baixo - 36203 - Vigo
tfn.: 986 443310
fax: 986 223170
cdtui_vigo_@caritas-espa.org

MÉDICOS DO MUNDO VIGO

Rúa Illas Baleares, 15 baixo - 36203 - Vigo
tfn.: 986 484301/ 630 980081
vigo@medicosdelmundo.org

COMITÉ ÓSCAR ROMERO. PROGRAMA “SEREOS”

tfn.: 650715593 (Sereos)
elisa_m_z@hotmail.com

PLAN COMUNITARIO DE TEIS

Rúa Coutadas, 59 - 36207 - Vigo
tfn.: 986 281670
fax: 986 281670
planteis@yahoo.es

“ÉRGUETE” ASOCIACIÓN DE AXUDA AOS TOXICÓMANOS

Avda. Martínez Garrido, 21 interior - 36205 - Vigo
tfn.: 986 250240/986 252580
fax: 986 267017
socialerguete@terra.es

PROXECTO HOME

Rúa Ramón Nieto, 245, Lavadores - 36205 - Vigo
tfn.: 986 374646/ 986 374437
fax: 986 374488
vigo@proxectohome.org

“ALBORADA”

ASOCIACIÓN CIDADÁ DE LOITA CONTRA A DROGA EN VIGO

Alborada é o nome que reciben os recursos da Asociación Cidadá de Loita Contra a Droga para a prevención, o tratamento e a incorporación social de persoas consumidoras de drogas.

Dispositivos:

- n Unidade Asistencial de Drogodependencias.
- n Unidade de Día.
- n Comunidade Terapéutica.
- n Programa de Prevención CREATIVE.
- n Centro de Día de Atención ao Menor.

Programas:

UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS:

- n Programa de información, orientación e acollida.
- n Programa de tratamento libre de drogas.
- n Programa de tratamento con antagonistas opiáceos (Naltrexona).
- n Programa de tratamento con derivados opiáceos.
- n Programa de tratamento con interdictores do alcohol.
- n Programa de tratamento para dependencia de psicoestimulantes.
- n Subprograma de tratamento de desintoxicación.
- n Subprograma de tratamento de redución do dano.
- n Subprograma de tratamento de prevención de recaídas.
- n Subprograma de tratamento de asistencia domiciliaria.

Outras actividades ou servizos asistenciais:

- n Atención e orientación a familiares.
- n Escola de familias.
- n Diagnóstico de enfermidades como hepatite, sida ou tuberculose.
- n Atención á problemática xudicial.
- n Asistencia en prisión.
- n Atención á problemática do VIH-SIDA.
- n Medidas para a mellora da inserción laboral.
- n Asesoramento para a tramitación de prestacións sociais.

UNIDADE DE DÍA ALBORADA

O programa de Unidade de Día se subdivide nas seguintes áreas:

- n Área psicoterapéutica
- n Área saúde
- n Área educativa
- n Área formativa e ocupacional
- n Área de animación sociocultural
- n Área deportiva

COMUNIDADE TERAPÉUTICA ALBORADA

O programa terapéutico se subdivide nas seguintes áreas:

- n Área psicoterapéutica
- n Área saúde
- n Área educativa
- n Área formativa e ocupacional
- n Área deportiva
- n Área de animación sociocultural
- n Área de integración social
- n Grupo de pais/nais

PROGRAMA DE PREVENCIÓN CREATIVE

Busca a prevención do consumo de drogas mediante dúas formas de intervención:

- 1) Nos centros escolares de Vigo e a súa comarca, con alumnos, pais e educadores.
- 2) Nos espazos de lecer nocturno e de diversión dos/das mozos/-as.

CENTRO DE DÍA DE ATENCIÓN AO MENOR

Este recurso atende a mozos/-as e adolescentes que son derivados pola Xunta de Galicia, por manifestar diversos problemas, por exemplo, de conduta, de consumo de drogas, familiares, escolares, delictivos, violentos, etc. O obxectivo é a recuperación e evitar a exclusión social.

UNIDADE ASISTENCIAL DE ALCOHOLISMO “ASVIDAL”

Unidade Asistencial do Alcoholismo, Ludopatía e Tabaquismo. Inicia a súa actividade no ano 1992. Equipo interdisciplinar. Integrada dentro do organigrama de Saúde Mental do Sergas.

Obxectivos:

- n Diagnóstico e tratamento ambulatorio das persoas con problemas de alcohol, ludopatía e tabaquismo. Abordaxe integral e individualizado.
- n Apoio e asesoramento aos familiares dos pacientes.
- n Ingreso hospitalario aos pacientes en caso necesario.
- n Programas de colaboración con atención primaria de saúde e cos dispositivos de asistencia social.
- n Programas de formación e docencia.
- n Programas de prevención en poboación escolar e xeral.

Niveis de intervención:

- n Asistencia.
- n Prevención.
- n Reinserción.
- n Docencia e investigación.

Programas:

PROGRAMA DE AVALIACIÓN MÉDICA:

- 1) Subprograma de avaliación xeral
- 2) Subprograma de desintoxicación.
- 3) Subprograma de patoloxía dual.
- 4) Subprograma de seguimento.

PROGRAMA DE TRATAMENTO PSICOLÓXICO:

- 1) Subprograma de avaliación.
- 2) Subprograma de deshabitación.
- 3) Subprograma de bebida controlada.
- 4) Subprograma de atención á patoloxía dual.
- 5) Subprograma familiar.

PROGRAMA DE INTERVECIÓN SOCIAL:

- 1) Subprograma de avaliación xeral.
- 2) Subprograma de urxencia social.
- 3) Subprograma de Renda de Integración Social.
- 4) Subprograma de incorporación social.
- 5) Subprograma de orientación laboral.

CÁRITAS DIOCESANAS DE TUI-VIGO

Cáritas é o organismo oficial da igrexa que ten como finalidade promover, orientar e coordinar a acción social e caritativa da Diócese e organizar a comunicación cristiá de bens co fin de axudar á promoción e o desenvolvemento integral das persoas, actuando en nome da comunidade. Móvese nun ámbito definido pola pobreza, marxinación e exclusión.

Programas:

- n Programa de acollida.
- n Programa de saúde.
- n Programa de orientación laboral e emprego.
- n Programa de inmigrantes, refuxiados/as, illados/as e retornados/as.
- n Escola infantil.
- n Centro de atención de día.

UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS “CEDRO”

Servizo de carácter ambulatorio que se ocupa do diagnóstico e tratamento multidisciplinar das drogodependencias.

Dispositivos:

- n Unidade Asistencial de Drogodependencias
- n Unidade de Día

Programas:

UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS

- n Programa de información, orientación e acollida.
- n Programa de tratamento libre de drogas.
- n Programas de tratamento con antagonistas opiáceos (Naltrexona).
- n Programas de tratamento con derivados opiáceos.
- n Programa de tratamento con interdictores do alcohol.
- n Programa de tratamento para dependencia a psicoestimulantes.
- n Subprograma de tratamento de desintoxicación.
- n Subprograma de tratamento de prevención de recaídas.
- n Subprograma de tratamento de diminución do dano.
- n Subprograma de tratamento de asistencia domiciliaria.

Outras actividades ou servizos asistenciais:

- n Programa de prevención, profilaxe e tratamento da tuberculose.
- n Campaña de vacinación da hepatitis B e tétanos.
- n Prevención e seguimento da hepatitis C.
- n Coordinación coas unidades VIH-SIDA.
- n Programa de seguimento de embarazos, preparación para a maternidade e planificación familiar.
- n Programa de intervención socio-sanitaria urxente.
- n Programas de apoio residencial.
- n Programa de intervención en mulleres prostitutas.
- n Programa de intervención en poboación xitana.
- n Coordinación con programas sociais doutras institucións.
- n Servizo de apoio social e axuda a domicilio para enfermos de sida.
- n Programa de atención primaria.
- n Programa de familia del Concello de Vigo.
- n Outros recursos de coordinación asistenciais.
- n Grupo de autoapoyo a seropositivos e enfermos de sida “O Imán”.

UNIDADE DE DÍA CEDRO

O programa de Unidade de Día subdivídese nas seguintes áreas:

- n Área psicoterapéutica
- n Área salud
- n Área educativa
- n Área formativa e ocupacional
- n Área de animación sociocultural
- n Área deportiva

COMITÉ ÓSCAR ROMERO

PROGRAMA “SEREOS”

O Programa “Sereos” é un programa de saúde e convivencia, de traballo de rúa entre iguais, redución do dano, baixa esixencia, autorregulación, mínima burocracia, de relación empática-asertiva, e que vén sendo un espazo de encontro que se ten demostrado como un instrumento máis que baixa os niveis de conflictividade, e mellora, nalgúns casos, a calidade de vida das persoas usuarias e xa consolidado no deteriorado tecido social do Casco Vello.

Obxectivos:

- n Achegamento a persoas en drogadicción activa, persoas sen teito, doentes, empobrecidas, en risco de exclusión, excluídas, autoexcluídas e maiores sos.
- n Fomentar habilidades sociais nos usuarios do programa. Autocontrol.
- n Educar en hábitos saudables, redución do dano.
- n Motivar ao cambio de cara á inserción social.
- n Informar, asesorar sobre os recursos asistenciais e cando hai condicións derivar e acompañar á rede asistencial pública.
- n Intervir coa vecindade, comerciantes e organizacións do barrio para dar a coñecer o programa.

Subprogramas e actividades:

- n “Café-calor” e “Bocateo”. Complementos nutricionais.
- n Redución do dano e promoción da saúde.
- n Actividades socioculturais e de lecer.
- n Actividades sociocomunitarias de sensibilización e denuncia.
- n Asemblea permanente de persoas sen teito.
- n Grupo de redución do dano no consumo de alcohol.

“ERGUETE”

ASOCIACIÓN DE AXUDA AOS TOXICÓMANOS

A asociación ERGUETE constitúese no ano 1984 como iniciativa dun grupo de familias afectadas polo problema das toxicomanías, legalizándose no ano 1985. A asociación tamén se destaca pola súa loita contra o narcotráfico.

Programas e actividades:

- n Programa de respiro familiar.
- n Servizo de información e orientación xurídico-social de axuda ao toxicómano.
- n Programa de formación e integración social.
- n Escola de pais, nais, mestres e orientadores.
- n Programa de integración sociolaboral de internos CIS.
- n Pisos terapéuticos: na actualidade están en funcionamento 3 pisos terapéuticos, 2 destinados a homes e 1 a mulleres.

HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES

Dispositivos:

ALBERGUE

Ofrece aloxamento temporal **_máximo 10 noites_**, servizo de cea e almorzo aos homes.

Servizos:

- n Roupeiro
- n Lavandería
- n Ducha e hixiene persoal
- n Atención de traballador social

CASA DA ESPERANZA

É un centro de carácter residencial, orientado cara á continuidade da deshabitación, consolidación da abstinencia e rehabilitación dos drogodependientes que así o necesiten, co fin de conseguir a recuperación biopsicosocial e dotalos da formación, habilidades e modos necesarios para a súa posterior incorporación laboral, social e familiar dentro dun proceso educativo que leve a lograr a mellora da súa calidade de vida. Acolle soamente a homes e por un periodo de tempo limitado, que se determina para cada persoa.

Áreas de intervención:

- n Área Sanitaria
- n Área de Psicología
- n Área de Lecer e Tempo Libre
- n Área de Formación e Emprego
- n Área Social

CASA DE ACOLLIDA

Centro de carácter residencial, que acolle a homes e mulleres durante longa estancia, en réxime de pensión completa.

Servizos:

- n Farmacia.
- n Atención Médica.
- n Atención Psicolóxica.
- n Atención de Traballador Social

“MADRO”

MADRES EN DEFENSA DE LOS JÓVENES DROGODEPENDIENTES

A asociación MADRO leva intervindo no campo das drogodependencias, tanto con persoas afectadas directamente como coas súas familias, dende o ano 1992, proporcionando apoio e asesoramento para dar resposta ás necesidades das persoas que o demandan.

Actividades:

- n Servizo de atención, información e asesoramento a drogodependentes.
- n Atención xurídica a drogodependentes.
- n Apoio en xuízos e asesoramento ao detido.
- n Asesoramento xurídico a reclusos.
- n Seguimento social de permisos penitenciario, liberdade condicional e tercer grao penitenciario.
- n Grupo de autoapoio de familiares de persoas consumidoras.
- n Programa de alimentos.
- n Piso de reinserción sociolaboral para mulleres en situación ou risco de exclusión social.
- n Curso de Formador de Monitores.
- n Obradoiros de Educación para a Saúde en centros de ensino.
- n Obradoiros de Educación para a Saúde no centro penitenciario A Lama.
- n Obradoiro de charlas xurídicas en centro penitenciario A Lama.

MÉDICOS DO MUNDO VIGO

CE.RE.DÁ: Centro de Redución de Danos para persoas con uso problemático de drogas.

Obxectivo:

Facilitar a inclusión social das persoas consumidoras de drogas involucrándolas no coidado da súa propia saúde, facilitándolles o acceso á rede sociosanitaria normalizada e reducindo os danos asociados ao consumo.

Actividades:

- n Información e asesoramento sociosanitario.
- n Derivación/acompañamento á rede sociosanitaria normalizada.
- n Servizo de calor e café, hixiene/aseo persoal e lavandería.
- n Dispensación de materiais preventivos e de consumo estériles (Kits de inxección, preservativos femininos e masculinos)
- n Educación para a saúde.
- n Aula de intervención en habilidades sociais.
- n Mobilización social comunitaria e denuncia social.
- n Coordinación interinstitucional.

PLAN COMUNITARIO DE TEIS

O Plan Comunitario de Teis é unha Asociación que funciona como coordinadora de Barrio, na que teñen cabida todos os colectivos (veciñais, anpas, xuvenis, deportivas, culturais...). O Plan Comunitario foi constituído no ano 1994. Constitúese como unha Coordinadora que tenta aunar os esforzos de asociacións de todo tipo para velar polos intereses do barrio de Teis.

Toda a súa programación ten como finalidade a implicación da comunidade nas actuacións de carácter preventivo en xeral e de conductas adictivas en particular, así como de incorporación social.

Trátase de ofertar alternativas dende os propios recursos do barrio, coa finalidade de mellorar a calidade de vida da poboación en xeral tentando implicar á comunidade na resolución dos seus propios problemas.

O PCT funciona por medio das comisións de: Saúde e Educación; Cultura, Tempo Libre e Deportes; Medio Ambiente e Urbanismo.

Programas:

COA COMUNIDADE:

- n Diagnose comunitaria
- n Información dende as diferentes comisións: urbanismo, medioambiente, saúde...
- n Recuperación e potenciación de festas populares
- n Dinamización
- n Potenciación do asociacionismo
- n Elaboración e edición de materiais formativos
- n ...

DENTRO DA ESCOLA:

- n Distribución e seguimento do material de prevención de drogodependencias na escola
- n Unidades didácticas de hábitos de vida saudábeis
- n Unidades didácticas de educación medioambiental (Coa Comunidade de Montes de Teis)
- n Programas afectivo-sexuais, para alumnos/as da ESO e Bacharelato
- n Programa de prevención de accidentes (1º Auxilios), co centro de Saúde de Teis

FORA DA ESCOLA:

- n Programa Integral de apoio Psicopedagóxico, lúdico e social (LUDO_PAM TEIS), con nenos e nenas de primaria.
- n Programa integral de acción Comunitaria para persoas en risco de exclusión (CUMOAC TEIS).
- n Programa de incorporación sociolaboral.

PROXECTO HOME GALICIA

Proxecto Home Galicia é unha entidade promovida pola Fundación Monte do Gozo. Dende o ano 1990 desenvolve distintos programas libres de drogas dirixidos á rehabilitación e reinserción social de persoas adictas. No ano 2000 implantou en distintos centros escolares da nosa comunidade autónoma o programa de prevención escolar “Entre Todos”.

Dispositivos:

- n Centro de acollida.
- n Comunidade terapéutica.

Programas:

- n Programa para persoas adictas aos psicoestimulantes.
- n Programa Acougo para toxicómanos diagnosticados con Patoloxía Dual.
- n Programa educativo para xoves e adolescentes.
- n Programa para persoas adictas ao alcohol.
- n Programa orientación e apoio ás familias dos usuarios.
- n Programa de Inserción Socio-Laboral.

Servizos Transversais:

Proxecto Home conta cunha serie de servizos específicos en todas e cada unha das fases dos tratamentos:

- n Área de traballo social destinada ao asesoramento tanto do usuario como das familias.
- n Área de atención médico-sanitaria dirixida ao seguimento dos usuarios/as e á súa orientación e acompañamento.
- n Área xurídica para o coñecemento da situación xudicial de cada usuario, colaborando na súa xestión e resolución, posibilitando cumprimentos alternativos á prisión.
- n Seguimento para usuarios sen entorno familiar a través de pisos de acollida a cargo de voluntarios e en colaboración, en ocasións, con asociacións ou ben a través de familias sustitutorias, en especial acollida de residentes os fins de semana.